



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN DE XESTIÓN DA RESERVA DA BIOSFERA OS ANCARES LUCENSES E MONTES DE CERVANTES, NAVIA E BECERREÁ 2024-2034

A Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá foi declarada o 27 de outubro de 2006 pola UNESCO ao abeiro do Programa Home e Biosfera (MaB), sendo a terceira Reserva da Biosfera que se designou na Comunidade Autónoma de Galicia. A Reserva comprende un territorio de 53.664 ha aproximadamente, pertencentes a 3 municipios da provincia de Lugo: Cervantes, Navia de Suarna e Becerreá.

Na normativa do patrimonio natural e da biodiversidade, tanto estatal (Lei 42/2007, do 13 de decembro) como autonómica (Lei 5/2019, do 2 de agosto), as Reservas da Biosfera considéranse como "Áreas Protexidas por Instrumentos Internacionais", cuxo obxectivo é harmonizar a conservación da diversidade biolóxica e cultural e o desenvolvemento económico e social a través da relación das persoas coa natureza. A normativa establece que estes espazos deberán contar cun programa de actuacións (denominado plan de xestión) e un sistema de indicadores adaptado ao establecido polo Comité MaB Español, que permita valorar o grado de cumprimento dos obxectivos do Programa MaB.

O 18 de decembro de 2023 o Órgano de Participación da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses informou favorablemente e o Órgano Reitor da Reserva aprobou inicialmente o Plan de Xestión da Reserva, así como o trámite de participación pública do citado Plan de Xestión, de acordo co establecido no Capítulo V relativo aos Instrumentos de Planificación do Regulamento do Órgano de Xestión da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses (BOP nº 76, 04/04/2011).

O trámite de participación pública incluíu a exposición pública do Plan durante 2 meses (23/12/2023-22/02/2024), a consulta técnica a través da celebración de 2 mesas sectoriais centradas na conservación do medio ambiente e no desenvolvemento socioeconómico da Reserva celebradas o 19 de marzo de 2024, o estudo das alegacións e suxestións presentadas, e finalmente, o pasado 19 de xuño de 2024 o Órgano de Participación informou e o Órgano Reitor da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses aprobou definitivamente o Plan de Xestión da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses 2024-2034.

O Plan de Xestión da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses 2024-2034 define un novo modelo de desenvolvemento sostible que compatibiliza a conservación dos recursos naturais coas actividades económicas e o desenvolvemento da poboación, integrándose con outras políticas de protección da natureza, de usos do solo e doutros recursos. Pode ser consultado integramente na páxina web da Reserva da Biosfera <https://osancareslucenses.deputacionlugo.org/> na seguinte ligazón:

<https://osancareslucenses.deputacionlugo.org/wp-content/uploads/2024/07/2024-MongrAncares.pdf>

Lugo, 1 de xullo de 2024. O PRESIDENTE, José Tomé Roca. O SECRETARIO, P.D. A xefa do Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos, Leticia Rodríguez Díaz.

R. 1996

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN DE XESTIÓN DA RESERVA DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO 2024-2034

A Reserva da Biosfera Terras do Miño foi declarada o 16 de decembro de 2002 pola UNESCO ao abeiro do Programa Home e Biosfera (MaB), sendo a primeira Reserva da Biosfera que se designou na Comunidade Autónoma de Galicia. A Reserva comprende un territorio de 363.700 ha aproximadamente, pertencentes a 26 municipios da provincia de Lugo: Abadín, Alfoz, Baralla, Begonte, Castro de Rei, Castroverde, Corgo,